



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA ONCE DE MAIO 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día once de maio de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/04/2017)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas

2.1.- Instancia núm. 201700000000475 de don Borja Parada García. (Expediente núm. 2017/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar, consistente en reforma de cuberta en Ribeira, 8 -San Pedro de Sarandón (Expediente núm.: 2017/U022/000014), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001301600NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, que a vivenda conta con licenza de construción outorgada por este concello, que a Transitoria Terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, establece que as edificacións executadas en solo rústico ao amparo de licenza urbanística poderán manter o uso autorizado podendo executar nelas obras de mellora e reforma sen incrementar a superficie edificada lícitamente, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- O prazo para inicio será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Levaranse a cabo nos termos do proxecto achegado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos euros (#200,00#)

2.2.- Instancia núm. 201700000000521 de Unión Fenosa Distribución, SA. (Expediente núm. 2017/U022/000015)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Avda. Arteixo, 171 - A Coruña, representada por: don José A. Fernández Amaro, solicita licenza para obras de instalación de rede aérea de baixa tensión, con apoio de paso aéreo - subterráneo para acometida a vivenda en Castro – San Andrés de Illobre (Expediente núm.: 2017/U022/000015), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel A. Fernández López, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme ao proxecto achegado.

3º.- Deberá repoñerse o pavimento do vial municipal, deixándoo nas mesmas condicións nas que estaba.

4º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta euros con sesenta e oito céntimos (#70,68#)

2.3.- Comunicación previa de obra de don Ramiro Vázquez Balboa. (Expediente núm. 2017/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Ramiro Vázquez Balboa para colocación de postes e malla de arame, sobre a base existente de aproximadamente 22 metros de lonxitude, cunha altura que non superará o 1,80 m.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000900700NH43E0001JX, emprazada en Pousada de Arriba, 5 -Vedra, cun prazo de execución de 6 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, así coma a altura de 1,80 m.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de don Manuel Jesús Carrillo Míguez. (Expediente núm. 2017/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Jesús Carrillo Míguez para rehabilitación de edificación, de aproximadamente 100 m² en planta, consistente en colocar tella sobre uralita existente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000500200NH43C0001ZR, emprazada en Sarandón- San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e dous euros con vinte e dous céntimos (#62,22#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don José Antonio Oria Reigadas. (Expediente núm. 2017/U026/000019)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Antonio Oria Reigadas para rehabilitación parcial do tellado da vivenda, de aproximadamente 53 m², substituíndo a tella existente por placas de fibrocemento e tella, pintado da parte superior da vivenda, de aproximadamente 91 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600400NH43D0001ZD, emprazada en Feal nº 4- San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.



Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e seis euros con vinte e seis céntimos (#76,26#).

2.6.-Instancia núm. 201700000000262 de don José Javier Cimadevila Rey. (Expediente prórroga núm.: 2017/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de xullo de 2014 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Nande (San Fins de Sales) (Expediente número 20147/U008/000003), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.7.- Instancia núm. 201700000000248 de dona Florinda Otero Balado. (Expediente núm. 2017/U007/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio a efectos de notificacións en Viño grande, 42 (San Andrés de Illobre - Vedra), expón que con data do 29 de xaneiro de 2004 a Xunta de Goberno concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar (3) en Viño grande (Illobre), (licenza número 11/2004), nos termos do proxecto achegado e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización para a vivenda emprazada na parcela número 1.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#), xa ingresada nas arcas municipais.

2.8.- Instancia núm. 201700000000385 de dona María Cristina Hermida Carrasco e don José Manuel Castrillón Fernández. (Expediente núm. 2017/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Ponte Ulla , solicitan licenza para obras de reforma de cuberta e ampliación de vivenda existente en Castro –Ponte Ulla (Expediente núm.: 2017/U022/000013), emprazada en solo urbano residencial de baixa densidade (U-1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1 Altura



máxima de cornixa menor a 7,00 m. ocupación inferior ao 20% da superficie neta da parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 45.000,00 euros.

Dáse conta tamén da memoria valorada para obras de urbanización da fronte da parcela que se entende suficiente.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8463117NH4386S0001FD.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Executaranse conforme ao proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que favoreza a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 47,00 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión; estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de novecentos euros (#900,00#)

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 2 e final da obra de *Melloras do Arquivo Histórico Municipal, incluída no PAS 2015*.

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra de *Melloras do Arquivo Histórico Municipal, incluída no PAS 2015 (Código 2015.3110.0188.0)*, e máis da factura núm. EO0000059 da empresa adxudicataria, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de once mil seiscientos noventa e seis euros con noventa e tres céntimos (#11.696,93#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura.

3.2.- Certificación núm. 1 da obra de *Mellora da fachada do Centro Sociocultural da 3ª idade de Vedra do PAS 2015*.

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Mellora da fachada do Centro Sociocultural da 3ª Idade de Vedra, incluída no PAS 2015 (Código 2015.3110.0189.0)*, e máis da factura núm. 25 da empresa adxudicataria, Coviastec, S.L por importe de setenta mil oitocentos cinco euros con seis céntimos (#70.805,06#)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura.

4º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras para a selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal.

Dáse conta das bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral temporal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as citadas bases.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe (€)</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
234	11/04/2017	50,00	Ir Indo Ediciones, S.L.	Dous libros (Biografía de Carlos Casares e O Teu Nome) adquiridos en abril para a biblioteca municipal
6612021772-000001	01/12/2016	223,89	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro do vehículo Nissan matrícula C6247BF para o período 31/12/2016-29/06/2017 (póliza núm. V5A059780)
151217fs0019382	27/04/2017	59,23	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do vehículo contra incendios Renault matrícula 1106FZZ
FC9788 6	27/04/2017	367,62	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos subministrados en abril/2017 para atencións de emerxencia social
OB 7563.00	25/04/2017	7.965,48	Nemesio Ordóñez S.A. (NOSA)	Melloras realizadas na obra Aparcamento disuasorio en Ponte Ulla, segundo parte de traballo 2885 de data 25/04/2017
1699/2017	28/04/2017	117,50	Ortigueira S.A.	Visitas aos xardíns do Pazo de Ortigueira realizadas en abril/2017 dentro do programa educativo Vedra Medra
TA5E70025685	19/09/2016	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de setembro/2016)
TA5E50027091	19/07/2016	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de xullo/2016)
TA5A60027501	19/06/2016	53,57	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (instalación ADSL e cotas de xuño/2016)
TA5HT0024534	19/02/2017	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de febreiro/2017)
TA5E90025202	19/11/2016	47,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de novembro/2016)
TA5E80018911	19/10/2016	51,20	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de outubro/2016)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



TA5E60026507	19/08/2016	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de agosto/2016)
TA5EA0024957	19/12/2016	47,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de decembro/2016)
TA5EB0024871	19/01/2017	47,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de xaneiro/2017)
TA5LI0023444	19/04/2017	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de abril/2017)
L 14	30/04/2017	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra no período 01/04/2017-30/04/2017
Emit- 23	24/04/2017	4.991,25	Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.	Proxecto de execución de colectores xerais e estación depuradora no núcleo de Vedra (25% restante adxudicación de 2016)
5/2017	01/05/2017	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal ás clases de música na Escola de Música de Vedra segundo convenio asinado, mes abril/2017
4	30/04/2017	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes abril/2017
5	30/04/2017	526,35	Suárez Barreiro Pilar	Porta corredoiro feita e instalada na portería do albergue de peregrinos de Vilanova
6	30/04/2017	193,60	Suárez Barreiro Pilar	Subministro e colocación de 2 programadores e 1 cubre gornas na instalación eléctrica do albergue peregrinos de Vilanova
A17/145	24/04/2017	45,38	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro de 5 ploters tamaño A2 para Feiravedra/2017
28-E780-378401	01/05/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo de internet móbil (multidispositivo 45) prestado no período 18/03/2017-17/04/2017
28-E780-378402	01/05/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe para control horario de persoal municipal período 18/03/2017-17/04/2017
28-E780-377831	01/05/2017	110,68	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan empresas móbil (3 liñas) período 18/03/2017-17/04/2017
28-E77u1-029729	01/05/2017	679,96	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única (24 extensións móbiles) período 18/03/2017-17/04/2017
rECIBO 20170501	02/05/2017	61,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para a casa da Terceira Idade mes maio/2017
1709	02/05/2017	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio asinado co Concello en 2015 (importe mes abril/2017)
GAL00277117F00006	02/05/2017	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración mes abril/2017
V 04-2017 495	30/04/2017	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes abril/2017
2017 144	02/05/2017	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes abril/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




0262/E17	26/04/2017	14,52	Talleres San Fins S.L.	Revisión da motobomba do camiión contra incendios 1106FZZ realizada o 21/04/2017
0260/E17	26/04/2017	17,42	Talleres San Fins S.L.	Subministro e substitución de dúas lámpadas do tractor J. Deere E2564BDT realizada o 19/04/2017
0261/E17	26/04/2017	36,24	Talleres San Fins S.L.	Subministro e substitución de bomba de cebado de rozadora da brigada verde en abril/2017
0259/E17	26/04/2017	1.469,93	Talleres San Fins S.L.	Repastos e reparacións das rozadoras lateral e avanzada realizadas no mes de abril/2017
17/4	30/04/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Prestación dos servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias durante o mes de abril/2017
23	02/05/2017	12.113,43	Coviasfec, S.L.	Reposición de firme en Galegos-Santa Cruz (obra adxudicada por RA 581/2016)
Liquidación	30/04/2017	22,00	ABANCA Corporación Bancaria S.A.	Cota de mantemento da tarxeta de crédito do Concello
3052640	30/04/2017	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal no período 01/04/2017-30/04/2017
FE17137008526344	02/05/2017	40,68	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período 29-03-2017-28/04/2017
2017 21	02/05/2017	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades e mantemento do pavillón municipal de Vedra prestado no mes de abril/2017
A/19.080	30/04/2017	808,20	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón para construción de firme na parcela da nave de Trobe para depósito do aglomerado asfáltico (arranxo de pistas)
4/2017	30/04/2017	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz (segundo convenio) mes abril/2017
23	28/04/2017	24,20	Camino Bouzón Miguel Ángel	Reparación realizada no vertedoiro do CPI de Vedra o 03/04/2017
24	28/04/2017	42,35	Camino Bouzón Miguel Ángel	Reparación do equipo de presión do motor somerxible do campo da festa de San Miguel realizada o 07/04/2017
25	28/04/2017	689,70	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos de substitución de motor do pozo e revisión dos baños da Casa da Fábrica de Trobe feitos o 07/04/2017
19814	30/04/2017	247,50	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	Servizo de recollida de aceites de cociña usados prestado no período 24/12/2016-24/03/2017
37 3191	02/05/2017	1.025,34	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe o 02/05/2017
17-560	30/04/2017	86,75	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para tractor municipal servido na estación de servizo o 19/04/2017
17-566	30/04/2017	59,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo de Protección Civil 3663HNG servido o 07/04/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



17-567	30/04/2017	1.210,92	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados no mes de abril/2017
17-568	30/04/2017	68,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada para a maquinaria da brigada verde no mes de abril/2017
17-569	30/04/2017	65,82	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A subministrado na estación de servizo para o vehículo Nissan C6247BF o 17/04/2017
17-570	30/04/2017	7,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada o 20/04/2017
17-571	30/04/2017	13,03	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para maquinaria contra incendios de Protección Civil subministrada o 04/04/2017
17-572	30/04/2017	20,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para maquinaria contra incendios de Protección Civil subministrada o 11/04/2017
17-573	30/04/2017	25,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a realización da Ruta BTT da Camelia 2017 (vehículos dos voluntarios participantes)
4	23/04/2017	150,00	Asoc. Cultural Novos Tempos (Lume na Lareira)	Actuación do grupo folk Lume na Lareira realizada para a Terceira Idade
CB6837	02/05/2017	263,51	Staples Productos de Oficina, S.L.U. (Kalamazoo)	Material de oficina diverso subministrado en maio/2017
1 5852/2017	30/04/2017	2.299,84	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar prestado no mes de abril/2017 (horas de libre concorrencia)
1 5853/2017	30/04/2017	21.106,20	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar para a dependencia prestado no mes de abril/2017 (horas laborables e festivas)
4002024088	30/04/2017	370,54	S. E. Correos y Telegráfos S.A.	Servizo de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de abril/2017
Emit- 63	29/04/2017	980,00	Construcciones Boqueixón, S.L.	Cambio, con equilibrado, de dúas rodas do camión de recollida do lixo 9047HPG realizado o 25/04/2017
117 FACTURAS	02-03-06-09-10-23-26-27/04/2017	8.030,76	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública durante os meses de marzo e/ou abril 2017
21 FACTURAS	02-05-16-23-26-27/04/2017	1.543,37	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a diversos locais e instalacións municipais durante os meses de febreiro e/ou marzo e/ou abril 2017
208//17	29/04/2017	765,71	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Produtos e repostos subministrados para camión recollida lixo, maquinaria brigada verde e tractor municipal en abril/2017
A/82	30/04/2017	443,82	García Sarandón, S.L.U.	Materiais e produtos servidos en abril/2017 para P.Civil, T.Idade, Feiravedra, Vedra en Ciencia, mantemento máquinas e outros
1701025204	02/05/2017	491,74	ADIF - Administrador de Infraestructuras	Arrendamento dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes maio/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			Ferrovias	
Recibo 1	04/05/2017	1,45	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 1T/2017 (contador 1290023526, da marxe esquerda da N-525)
Recibo 2	04/05/2017	1.012,70	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 1T/2017 (contador 1101936, da marxe dereita da N-525)
Recibo 3	04/05/2017	2.355,62	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 1T/2017 (contador do Pico Sacro: A13JE001036X)
FE17321231072129	19/04/2017	55,30	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á piscina municipal no período 21/02/2017 - 17/03/2017
Liquidación nº 061711108714	21/03/2017	6,36	Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC)	Taxa xeral de operadores (Lei 32/2003 Xeral de Telecomuniacións-Expte. 2011/420) devindicada dende o 31/12/2011
FE17321231072311	19/04/2017	4,50	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Vedra no período 21/02/2017 - 23/03/2017
FE17321229875051	05/04/2017	695,88	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Santa Cruz no período 28/02/2017 - 28/03/2017
FE17321229875052	05/04/2017	498,28	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar no período 28/02/2017 - 28/03/2017
FE17321231072128	19/04/2017	363,73	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de San Mamede no período 22/02/2017 - 22/03/2017
FE17321230063450	07/04/2017	307,24	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla no período 01/03/2017 - 31/03/2017
FE17321229875054	05/04/2017	76,24	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufín no período 28/02/2017 - 17/03/2017
FE17321231394508	20/04/2017	1.535,05	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz no período 26/01/2017 - 21/03/2017
FE17321229875055	05/04/2017	427,94	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa do Concello no período 28/02/2017 - 28/03/2017
FE17321229875053	05/04/2017	531,80	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande no período 28/02/2017 - 24/03/2017
FE17321231321597	20/04/2017	14,91	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela no período 25/03/2017 - 04/04/2017
FE17321229875056	05/04/2017	1.431,19	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra no período 28/02/2017 - 28/03/2017
FE17321229875059	05/04/2017	227,03	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 28/02/2017 - 28/03/2017 (CUPS ES0022000004975461QL1)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




FE17321229875058	05/04/2017	298,77	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 28/02/2017 - 28/03/2017 (CUPS ES0022000007480452RB1)
FE17321229875057	05/04/2017	60,46	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela no período 28/02/2017 - 24/03/2017
170000 59	05/05/2017	471,90	Sirtelco, S.L.	Servidor dedicado ao Concello de Vedra e mantemento do servidor de correo (período de xaneiro a abril de 2017)
170000 60	05/05/2017	275,56	Sirtelco, S.L.	Subministro de monitor, teclado, ratos, e outros materiais de hardware e software
170000 61	05/05/2017	492,48	Sirtelco, S.L.	Catro asistencias técnicas prestadas a finais do ano 2016
170000 62	05/05/2017	36,30	Sirtelco, S.L.	Dominio da páxina www.vedraturismo.com (período 02-02-2017 a 01-02-2018)
170000 63	05/05/2017	106,48	Sirtelco, S.L.	Dominio concellodevedra.gal (período 02-02-2016 a 01-02-2017)
170000 64	05/05/2017	455,15	Sirtelco, S.L.	Subministro de 2 monitores, 2 teclados, 1 auricular e 1 compartidor
170000 65	05/05/2017	36,30	Sirtelco, S.L.	Dominio da páxina www.afestadovino.com (período 02-03-2017 a 01-03-2018)
170000 66	08/05/2017	3.376,03	Sirtelco, S.L.	Subministro de un servidor HP, un armario mural e un SAI para as oficinas xerais
170000 67	08/05/2017	1.161,81	Sirtelco, S.L.	Asistencias técnicas prestadas durante o período de xaneiro a abril de 2017
FM9889 - 7	30/04/2017	398,90	Núñez Rua Manuel-Claudio O Terrón	Alimentos e produtos de primeira necesidade subministrados o 27/04/2017 para atencións de emerxencia social
FC9889 - 9	04/04/2017	306,02	Núñez Rua Manuel-Claudio O Terrón	Alimentos e produtos de primeira necesidade servidos os días 31/03/2017 e 03/04/2017 para atencións de emerxencia social
17-0045	05/05/2017	36,30	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos subministrados para os actos protocolarios municipais previstos no Día das Letras Galegas 2017
S 170137	13/02/2017	72,60	Autos Brea, S.L.	Servizo de arrendamento de vehículo sen condutor do 11 ao 13/02/2017 para realización da proba Maratón da Camelia 2017
V 04-01-2017 500	30/04/2017	3.580,64	Ana Naya García, S.L.	Cota do concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal mes abril/2017
A/02	31/03/2017	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de marzo/2017
A/139	30/04/2017	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de abril/2017
170005	09/05/2017	52,88	Isla Arjones Jesus	Produtos farmacéuticos subministrados para realización da proba Maratón da Camelia 2017 e caixa de emerxencias da casa consistorial



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




C7-17	30/04/2017	845,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de abril/2017 e acollemento de 7 animais no período 01-30/04/2017
2017/1163	30/04/2017	7.408,40	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos do mes de abril/2017
119	05/05/2017	1.425,00	González Couto José Manuel (Excavaciones Vedra)	Servizo de pala prestado en febreiro e marzo/2017 para a obra construción de beirarrúas en Paradela-San Xián
605	28/04/2016	1.301,09	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos feitos en abril/2017 no CEIP de Santa Cruz, no local do campo da festa de Merín e no campo de fútbol de San Mamede
2017/048	04/05/2017	70,18	Xestedec Comunicación	Impresión dos tickets con matriz para a XXVII Romaría da Terceira Idade de Vedra
2017/049	09/05/2017	786,24	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de maio/2017 (núm. 212)
6 Tickets	27/04/2017	80,86	Acredores diversos	Produtos alimenticios mercados no mes de abril/2017 para o servizo municipal de madrugadores
6 Tickets	24/04/2017	38,37	Acredores diversos	Materiais e produtos mercados no mes de abril/2017 para o servizo municipal de ludoteca
1	10/05/2017	711,48	Ferro Pena Manuel	Traballos de arranxo de pistas realizados a pedimento municipal no período 02/05/2017-10/05/2017
B 557	11/05/2017	1.641,98	Rodríguez Bugallo María del Pilar (Rexistro Propiedade nº 1 de Santiago)	Honorarios polas notas marxinais do expte. urbanístico Reposición da legalidade de 14 parcelas no SAU-1 en San Xián
Liquidación		89,80	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, quilometraxe, peaxe autoestrada e aparcamento pola asistencia o día 08/05/2017 a xornada de xestión da plataforma TEDEC celebrada na Coruña
Liquidación		85,40	Gamás Villanueva Sonia	Indemnización, quilometraxe, peaxe autoestrada e aparcamento pola asistencia o día 28/04/2017 á curso práctico sobre o novo programa de Rexistro SIR na Coruña
Liquidación		255,00	Amenal Junquera M. Teresa	Indemnización, quilometraxe e peaxe autoestrada pola asistencia a curso sobre a Lei do Solo e o seu Regulamento os días 19, 21, 26 e 28/04/2017 na Coruña
Liquidación		45,25	Sabio Sanz Carmen Adela	Quilometraxe do mes de abril/2017 polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		81,25	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril/2017
Liquidación		217,50	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril/2017
		225,50	Iglesias Parada	Quilometraxe pola prestación do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Liquidación			Mª Carmen	servizo de axuda no fogar mes abril/2017
Liquidación		157,50	Vilariño Rodríguez Mª Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril/2017
Liquidación		203,50	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril/2017

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía do mes de abril.


Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de abril:

DECRETO	DATA	
106	03/04/2017	Autorizar aprazamento xubilación de traballador municipal
107	03/04/2017	Designando técnica da Mesa de Contratación e Comité de Expertos do contrato do SAF
108	03/04/2017	Aprobación expediente contratación obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos (PMA 2016)
109	04/04/2017	Ampliación intensidade SAF a C.A.L.
110	05/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
111	07/04/2017	Autorización corte de vías municipais para a festa parroquial
112	07/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
113	12/04/2017	Adxudicando a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU os traballos de facturación do 4º trimestre de 2016 dos recibos do servizo de augas
114	17/04/2017	Adxudicando a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU a instalación de dous equipos na EDAR de Ponte Ulla (cinta transportadora de lodos e soprante de equipo de desareado-desengraxado)
115	17/04/2017	Aprobación pregos e expediente de contratación para a adxudicación do contrato de servizos consistente na xestión urbanística, asistencia técnica no desenvolvemento do Parque Empresarial e outros
116	18/04/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
117	19/04/2017	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda núm. 2 de Fraíz –San Mamede de Ribadulla
118	19/04/2017	Cambio titularidade recibos taxas de lixo e sumidoiros correspondentes á vivenda núm. 17 de Socastro –San Mamede de Ribadulla
119	19/04/2017	Cumprimento trienios persoal municipal
120	19/04/2017	Creación Oficina Rexistro Xeral do DIR 3 para a implantación do SIR (Sistema de Intercambio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Rexistral)
121	19/04/2017	Adxudicando a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU a elaboración do Plan Director do Servizo de Abastecemento de Auga Potable de Vedra
122	19/04/2017	Concesión praza gardería ao menor T.G.B
123	19/04/2017	Concesión praza gardería ao menor J.I.R
124	20/04/2017	Requirindo limpeza de finca en Nande
125	20/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
126	21/04/2017	Solicitando subvención para instalación de caldeira de biomasa no Pavillón Municipal de Vedra ao INEGA
127	24/04/2017	Alta SAF con carácter de urxencia
128	24/04/2017	Concesión praza gardería municipal á menor N.G.E
129	24/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
130	24/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
131	24/04/2017	Autorización celebración festas de San Xosé Obreiro en Ponte Ulla
132	25/04/2017	Autorización celebración da festa da orella en San Fins de Sales
133	25/04/2017	Aprobando bases selección PEL Deputación 2017
134	25/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
135	26/04/2017	Autorización celebración festas en Merín
136	26/04/2017	Ampliación intensidade SAF a R.A.
137	26/04/2017	Ampliación intensidade SAF a Mª C. M. V.
138	26/04/2017	Designando a funcionario para a tramitación do canon da auga
139	26/04/2017	Solicitude participación proxecto europeo Youthnest.crea
140	27/04/2017	Concesión praza gardería á menor J.S.L.
141	27/04/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
142	27/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes
143	27/04/2017	Alta padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Instancia núm. 369/2017 de don José Mª. Barrio Fernández.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don José Mª Barrio Fernández, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento un establecemento adicado a *furancho* no lugar de Tomonde, 12 (Santa Cruz de Ribadulla-Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 31 de marzo ata o 30 de xuño de 2017 . Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

7.2.- Convenio de colaboración cos concellos de Boqueixón e Vila de Cruces.

De cara a regular a colaboración entre os Concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de xuventude nos seus termos municipais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Asinar un convenio de colaboración cos concellos de Boqueixón e Vila de Cruces, cuxo obxecto é o seguinte:

1º.-A elaboración e xestión dos proxectos relacionados con:

1.1.- Iniciativas locais dirixidas á xuventude (Dinamización Xuvenil Val do Ulla)

1.2.- Mobilidade transnacional (Galeuropa)

2º.- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.

3º.- Solicitude de axudas que poidan seren convocadas a través das distintas administracións en materia de xuventude, quedando os concellos asinantes obrigados ao cumprimento das obrigas que se deriven da concesión de ditas subvencións.

Segundo.- Aceptar a autorización dos concellos de Boqueixón e Vila de Cruces para actuar como representantes deses concellos para o pedimento da subvención de Dinamización Xuvenil Val do Ulla 2017, ao abeiro da Orde do 11 de abril de 2017, da Consellería de Política Social, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 80/17, do 26 de abril), que establece no seu artigo 4, alínea 2, que poderán solicitar as axudas as agrupacións de concellos, estremeiros e/ou dunha mesma comarca que se xunten para para os efectos de levaren a cabo unha iniciativa local conxunta.

O período subvencionable abranguerá dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2017 e a contía máxima que se concederá será de 22.000,00 euros para o suposto de agrupación de 3 ou máis entidades locais agrupados.

Terceiro.- Designar e autorizar ao concello de Boqueixón para que actúe como representante dos concellos de Vedra e Vila de Cruces para o pedimento da subvención Galeuropa Val do Ulla 2017.

Cuarto.- Notificar este acordo aos concellos de Boqueixón e Vila de Cruces.

7.3.- Escritos varios.

7.3.1.- Escrito núm. 436/17 do Club Ciclista Teo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado escrito no que o clube espón que o 23 de xullo levarase a cabo a proba ciclista XVII Trofeo Vila de Luou para as categorías de escolas e cadetes encadrada no calendario oficial da Federación Galega de Ciclismo, disputando en Vedra os premios intermedios (sprint especial), polo que solicita a concesión dunha axuda por importe de 1.000 euros

A Xunta de Goberno acorda conceder unha axuda por importe de trescentos (#300,00#) euros.

7.4.- Acordo sobre solicitude de subvención para a promoción da lingua galega.

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 6 de abril de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 83/17, do 2 de maio)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención para a dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

7.5.- Aprobación, se procede, da modificación do proxecto da obra de Asfaltado de viais en San Xián, Merín e San Mamede (POS + 2017 Complementario)

Con data vinte e dous de febreiro aprobouse polo Pleno da Corporación o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2017”, e o Plan Complementario do ano 2017 no que se incluía o proxecto Asfaltado de viais en San Xián, Merín e San Mamede por importe de 228.759,97 euros.

Dentro deste proxecto do Plan Complementario estaba incluída unha obra de creación dun espazo de aparcamento no Centro Social de San Xián de Sales, nun terreo que linda coa estrada provincial, en terreos da súa propiedade, polo que se necesita autorización dese Organismo para levala a cabo.

Dada a complexidade e dificultade na obtención da citada autorización e para evitar o retraso na aprobación do Plan POS + 2017, considérase máis axeitado suprimir o citado investimento no proxecto presentado.

A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa ratificación no próximo pleno, acorda:

1º.- Aprobar o modificado do proxecto da obra incluído no Plan Complementario do POS 2017 +, ascendendo o novo orzamento á cantidade de 217.982,32 euros.

2º.- Remitir o proxecto modificado á Deputación Provincial.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.